

O SECRETARIO XERAL DE UGT PARTICIPOU EN SENDAS ASEMBLEAS NA CORUÑA E EN VIGO

PEPE ÁLVAREZ: “AS MEDIDAS ANUNCIADAS POLO GOBERNO PARA ATENUAR AS CONSECUCENCIAS DA GUERRA VAN NA BOA DIRECCIÓN PERO SON INSUFICIENTES”

Urxe pechar un Acordo de negociación colectiva que garanta as revisións salariais ante unha inflación desbocada

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, participou este xoves nas asembleas de afiliados e afiliadas organizadas por UGT na Coruña e Vigo. En ambas explicou que está a viaxar por toda a xeografía española para explicarlle ós afiliados e afiliadas, delegados e delegadas, a toda a Organización, os acordos ratificados a nivel estatal no marco do diálogo social, así como expoñendo unha análise dos novos acontecementos que marcan a complexa realidade que está a vivir o país.

Un dos fitos enmarcados no contexto do diálogo social foi o acordo de pensións que deroga a reforma imposta polo PP, cando gobernaba Rajoy. Puxo en valor un acordo, froito do traballo e insistencia das organizacións sindicais, que permite a revalorización das pensións conforme ó IPC, especialmente significativo nun momento como o actual no que a inflación está descontrolada. E, de cara ó futuro, permitirlle ós que hoxe son mozos gozar dunha xubilación digna cando cheguen á idade da mesma. É dicir, é un acordo para o presente pero tamén para o futuro.

En canto á reforma laboral, tamén froito de intensas negociacións e un duro trámite parlamentario, xa está a ter efectos moi positivos en canto á contratación indefinida. Así, segundo os datos de xaneiro e febreiro, duplicouse o número de contratos indefinidos ratificados e o dato de marzo, que se fará público a semana que ven, apunta na mesma liña. Esta reforma conduce a un mercado de traballo no que a norma sexa o contrato indefinido e a excepción sexa o temporal. A partir de agora tamén queda un importante traballo de adaptación dos fixos-descontinuos.

No relativo ás medidas adoptadas polo Goberno para facer fronte ás consecuencias da crise a raíz da guerra en Ucraína, Pepe Álvarez considera que van na boa dirección pero son insuficientes tanto polo tempo, tres meses son moi escasos; como pola contía; e porque non entran no fondo, por exemplo as relativas ó abaratamento dos combustíbeis ou a tarifa eléctrica que aínda hai que ver como queda finalmente,



en función de como se sitúe o prezo do gas.

Puntualizou que os sindicatos deberían ter tido presenza na elaboración destas medidas pero non foi así. Engadiu que as organizacións sindicais poderían ter achegado aspectos que non se prevén e que son imprescindibles, por exemplo familias que viven con ingresos similares ó SMI deberían ter un tratamento especial e axudas específicas para amortiguar a suba dos prezos. Nesta mesma liña, a baixada de 20 céntimos no prezo do combustible xeneralizada, ó mellor, debería facerse doutro xeito e tendo en conta a aque-

les que máis o necesitan, ben polos seus ingresos ou polo uso que lle den ó vehículo. Amosou a súa confianza en que nos vindeiros días se poida falar de todas estas cuestións co Goberno.

Finalmente, abordou a necesidade de pechar un acordo no eido da negociación colectiva que recolla a figura da cláusula de revisión salarial que, cunha inflación desbocada como a actual, cun último dato do 10%, é máis importante, incluso, que o propio dígito. Os salarios non poden seguir perdendo poder de compra neste país.

CONSTITUÍDA A MESA DE NEGOCIACIÓN DO III CONVENIO DE AXUDA NO FOGAR DE GALICIA

Despois dunha década sen convenio

Redacción.- Este martes, no CGRL quedou constituída a mesa de negociación do III Convenio de axuda no fogar de Galicia. Despois dunha década sen convenio, pode considerarse un momento moi importante para os traballadores e traballadoras do sector.

A creación dunha nova asociación de empresas galegas (AGESAF) permitiu completar o puzzle negociador e que se poida arancar o proceso.

Así, UGT, CCOO e CIG adquiriron nesta xuntanza o compromiso de confeccionar unha plataforma conxunta que recolla todas as inquietudes do sector e as conquistas recollidas nas sentenzas.

Trátase de traballar para dotar a un sector esencial para a sociedade, pero altamente precarizado, como é o da axuda no fogar, de seguridade xurídica.

Non obstante, dende UGT Servizos Pú-

blicos puntualizan que a apertura desta nova negociación non vai interferir na folga de ruta xa elaborada polos tres sindicatos que ten, entre as súas prioridades, a actualización das táboas salariais para evitar a perda de poder adquisitivo.

Nesta liña, anúnciase unha nova actuación, a interposición de denuncia autonómica de infractotización para que a Inspección de traballo obrigue ás empresas a cumprir coa suba salarial pactada.

CARAVANA DE VEHÍCULOS POLO CENTRO DE SANTIAGO PARA DENUNCIAR O DESMANTELAMENTO DE CORREOS EN GALICIA

Redacción.- Unha caravana de vehículos, organizada por UGT e CCOO, percorreu este xoves as rúas de Santiago, dende San Lázaro ata o Parlamento de Galicia, para reclamar á Dirección de Correos o cese do desguace e denunciar o abandono da empresa pública postal en Galicia.

Os motivos para a mobilización son os seguintes:

O recorte de 460 millóns de euros na financiación do Servizo Postal Universal nos últimos tres anos, que afecta sobre todo á prestación do servizo postal no ámbito rural.



A implantación dun novo modelo que pretende converter ós carteiros e carteiros urbanos e rurais en "riders" precarizados.

A presión nas oficinas con carencias de persoal.



O uso dos CTA de Correos á conveniencia de Correos Express.

Recortes no plantel de traballadores e precariedade laboral da mesma con peches de oficinas e centros de reparto en Galicia.

UGT FICA VIGO APOSTA POR UNHA SOLUCIÓN SOCIAL PARA BARRERAS

O Sindicato condena a postura da propiedade no seu escrito de alegacións para eludir as súas responsabilidades

Redacción.- Este mércores finalizou o prazo para presentar alegacións dado á representación dos traballadores no proceso de venda de Barreras. Neste, UGT presentou as súas achegas a favor da oferta presentada por Gondan por varios motivos:

A oferta desta empresa é comparativamente similar á de Armon, aínda que achega menos diñeiro, os resultados económicos son practicamente os mesmos porque deixa fóra unha parte dos terreos e non terían que facer fronte ás indemnizacións dos traballadores.

A oferta de Gondan permitiría facerse cargo dunha parte moi impor-

tante dos pagos a provedores.

A reactivación do estaleiros podería ser inmediata, xa que Gondan achega dous contratos para a construción en Barreras, mentres que as outras ofertas non concretan este capítulo.

Gondan fai unha aposta pola modernización do estaleiro cun investimento millonario.

E trátase da oferta máis garantista co emprego, mantendo a totalidade da plantilla a través da subrogación, o que garante o mantemento das condicións.

Por todo isto, UGT confía en que o

xulgado dé unha resposta socialmente responsable á actual situación do estaleiro.

Finalmente, UGT FICA considera indecente que a propiedade actual, utilizando un informe de KROLL, pretenda deixar ós pés dos cabalos ás traballadoras e traballadores do estaleiro para tratar de eludir as súas responsabilidades cos acreedores.

O Sindicato pídelles á propiedade que se realmente está tan preocupada polo futuro do estaleiro pague as súas débedas e non se entremeta na solución para a factoría e os seus traballadores.

FeSMC-PONTEVEDRA DENUNCIA QUE VITRASA, CUN AVULTADO PATRIMONIO, PRETENDA REBAIXAR OS SALARIOS NUN 30%

Redacción.- FeSMC-Pontevedra denuncia a actitude que está a manter a empresa que xestiona o servizo de buses urbanos no Concello de Vigo, Vitrasa, que pretende garantirse os seus beneficios, xa cun avultado patrimonio de case 54 millóns de euros, a costa dos vigueses e dos seus traballadores.

A raíz do descolgue salarial que pretende dun 30%, a empresa está obrigada a presentar a documentación económica e, unha vez analizada esta, detéctanse contas e balances económicos contraditorios; resultados económicos do mesmo exercicio distintos en función da auditora que faga a análise; un patrimonio de case 54 millóns de euros; e unha boa saúde financeira.

Nas contas anuais presentadas pola empresa recoñecen fluxos de caixa positivos e que os recursos dispoñible son suficientes para facer fronte ás súas obrigas,



sen previsión de tensións de tesourería.

Por todo isto, UGT considera que non procede a redución salarial dun 30% só

para manter un certo nivel lucrativo. Existen outras vías para mellorar os ingresos, como unha mellora do servizo para incrementalos usuarios que Vitrasa non propón.

É PRECISO OBRIGAR POR LEI ÁS EMPRESAS A CUMPRIR MEDIDAS QUE EVITEN A DISCRIMINACIÓN DAS PERSOAS LGTBI

Redacción.- UGT insta ó Goberno a modificar a Lei Trans e LGTBI porque é insuficiente; esixe que a futura lei de Emprego incorpore a perspectiva LGTBI e obrigar ás empresas a que incorporen plans LGTBI, establecendo protocolos, accións e diagnósticos para evitar as discriminacións. E é que, segundo un estudo do sindicato, ningún convenio dos 1.200 aprobados, entre 2020 e 2021, contén medidas para as persoas trans no emprego.

Segundo o estudo realizado desde a área confederal LGTB de UGT, "Cara a centros de traballo inclusivos", que inclúe máis de 3.400 respostas, un 41% das persoas trans aseguran sufrir discriminación directa en entrevistas de traballo, sendo rexeitadas por motivos relacionados co seu aspecto físico, coa súa indumentaria ou coa súa expresión de xénero, e a súa taxa de desemprego alcanza o 40%, case o dobre que a recollida na mostra realizada.

Ademais, case un 20% das persoas trans enquisadas recoñecen sufrir algún tipo de violencia sexual (un 14% son insinuacións de carácter sexual e un 7,7% abuso sexual) e o 56% afirma que sufriron agresións máis de tres veces. Outros datos da enquisa revelan que no 61% dos casos non foron defendidas polas súas compañeiras/os de traballo, e o 90% foi vítima de distintos tipos de discriminación e violencia verbal, concretándose en violencia física

un 40%.

O 94% das persoas trans enquisadas consideran que se podería facer algo máis para conseguir a igualdade real do colectivo LGTBI.

Por unha Lei trans e LGTBI máis eficaz

Neste sentido, UGT insta ó Goberno a que modifique a Lei Trans e LGTBI, pendente de tramitación, pois non é suficiente. Trátase de convertela nunha ferramenta eficaz contra a discriminación no emprego que sofren as persoas LGTBI, pero especialmente para combater os altos índices de exclusión e violencia que sofren. É preciso obrigar ás empresas, por lei, a incorporar e cumprir medidas que eviten as discriminacións e que faciliten que as persoas traballadoras teñan solucións a unha problemática cada vez máis preocupante.

Plans LGTBI

UGT considera que sen medidas concretas nas empresas será moi difícil alcanzar a igualdade real, porque a diversidade non chegou aos centros de traballo. Por iso



o sindicato defende que hai que facer unha aposta fixa e decidida desde as políticas activas de emprego para incorporar a perspectiva LGTBI na futura Lei de Emprego, actualmente en negociación, e combater a exclusión no acceso ao emprego de lesbianas, gais, bisexuais e persoas trans. Ademais, esixe a incorporación dos plans LGTBI nas empresas, obrigatorios por lei, de maneira que se articulen medidas específicas para loitar contra a discriminación, como protocolos, accións e diagnósticos en empresas de máis de 250 traballadores e traballadoras. As empresas deben incorporar ferramentas legais que garantan a non discriminación por razón de orientación, identidade ou expresión de xénero.

FAN FALTA MÁIS RECURSOS PARA GARANTIR A SEGURIDADE E A SAÚDE NO TRABALLO

UGT lamenta o sinistro en Repsol Coruña, traslada o seu pesar á familia e achegados da vítima e agarda que a Comisión aberta sirva para esclarecer o ocorrido

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, pediu que se adopten medidas urxentes contra a sinistralidade laboral, puxo en valor o traballo diario dos delegados e delegadas de prevención, “que son os grandes esquecidos”, e instou ao Goberno a que dedique máis recursos materiais e humanos para facer fronte a esta lacra social, que en España causa a morte de dúas persoas de media ao día, 20 no conxunto da UE.

Neste sentido, sinalou que os accidentes laborais son “unha constante permanente no noso país”, pero tamén teñen unha dimensión europea, polo que “imos traballar de xeito conxunto coa Confederación Europea de Sindicatos” nesta materia, para lograr que o Plan de Accidentes Cero sexa unha realidade.

A reforma laboral axuda a combater a sinistralidade laboral, pero non é suficiente

Álvarez sinalou que a reforma laboral contribuirá a que haxa menos accidentes laborais porque atalla a temporalidade e precariedade no emprego, pero “hai que entrar a fondo” nas

cuestións que teñen que ver coa seguridade e saúde no traballo, “unha das grandes prioridades do noso sindicato para o ano 2022 e para os próximos anos”.

Tamén se referiu ás enfermidades profesionais, que sofren unha infradeclaración (especialmente, grave é o que sucede cos cánceros de orixe laboral) e aos riscos psicosociais, porque moitos problemas de saúde mental débense a eles. É preciso que estes riscos inclúanse no Plan de Choque contra a sinistralidade laboral que debe negociar o Goberno no marco do diálogo social.

Pola súa banda, a secretaria de Saúde Laboral, Ana García de la Torre, sinalou que a pandemia da Covid 19 puxo de manifestou que a “saúde laboral e a saúde pública deben ir da man”, que é necesario investir en prevención e garantir que os centros de traballo sexan lugares seguros. Tamén puxo en evidencia a deficiente xestión preventiva, tal e como vén denunciando UGT, e a necesidade de seguir visibilizando esta lacra social. Neste sentido, dixo que estas xomadas, do mesmo xeito que o 28 de abril, serven para iso, aínda que a sinistralidade “preocúpanos e ocúpanos

todos os días do ano”.

Sinalou que a seguridade e saúde laboral é un asunto primordial e instou á Confederación Sindical Internacional a que, no seu próximo Congreso, de xuño, inclúao como un dereito fundamental.

Así mesmo, referiuse aos retos que hai que afrontar e sobre os que se debaterá nestas xomadas. Retos que están en consonancia coa negociación da Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo 2022-2027, que debe marcar as políticas preventivas nos próximos anos.

Ambos os dirixentes fixeron estas declaracións no acto de apertura das Xomadas Confederais de Saúde Laboral “Situación actual e perspectivas de futuro da seguridade e saúde no traballo”. Unhas Xomadas nas que interviñeron importantes expertos na materia, e nas que se falará sobre a dixitalización e o teletraballo; a perspectiva de xénero; o cancro laboral; os efectos do cambio climático na seguridade e saúde no traballo; e a importancia da seguridade e saúde na negociación colectiva.

UGT RECLAMA IMPULSAR OS DEREITOS LABORAIS E SOCIAIS DAS TRABALLADORAS DO FOGAR

Redacción.- Con motivo do 30 de marzo, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores reclama ao Goberno o inicio da mesa de Diálogo Social co fin de impulsar a equiparación de dereitos en materia laboral e de Seguridade Social deste colectivo, así como axilizar os trámites para a ratificación do Convenio 189 da OIT sobre traballo decente para as traballadoras domésticas.

A exclusión da prevención de riscos laborais, a extinción do contrato sen causa algunha, a non consideración do traballo nocturno ou as dificultades de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social son algúns dos elementos que caracterizan a unha actividade na que máis do 95% das persoas afiliadas á Seguridade Social son mulleres.

Neste sentido, no seu informe “Traballar coidando”, UGT lembra que España concentra o 29,1% do total do emprego doméstico dos países da Unión Europea. En canto ao total do emprego en España, o traballo do persoal doméstico supón o 2,7% do total de empregos do noso país, moi por encima da

media da Unión, situada nun 0,9%; e somos o duodécimo Estado membro da Unión en gasto en familia e infancia por habitante, 349 euros, que representan o 5,4% do gasto total en protección social por habitante.

O sindicato lembra que a pandemia tivo efectos devastadores para o traballo doméstico, xa que a ocupación descendeu en 93.000 persoas entre o primeiro e segundo trimestre de 2020. Unha tendencia que, sen dúbida, pode relacionarse coa permanencia de mulleres traballadoras doutras actividades nos ERTE de suspensión total ou parcial, a perda do emprego e coa maior prevalencia das mulleres no teletraballo, o que creou o efecto substitución das tarefas desenvolvidas por traballadoras do fogar a tempo parcial por mulleres que traballan noutra actividade mentres coidan (teletraballo ou suspensión parcial) ou que non poden traballar e asumen as responsabilidades de coidado.

Ademais, o informe relaciona o elevado nivel de emprego como persoal doméstico en España coa falta dunha cobertura pública de



necesidades sociais; e detense na diminución da ocupación nesta actividade desde o ano 2020, ao regresar as mulleres traballadoras doutras actividades aos seus fogares como consecuencia dos ERTE, o teletraballo ou o despedimento. As diferenzas por razón de sexo chegan tamén ás traballadoras do fogar que traballan máis a tempo parcial e cobran menos que os homes.

Por iso, UGT reclama a apertura da mesa de Diálogo Social para impulsar os dereitos deste colectivo e denuncia, así mesmo, que a discriminación indirecta por razón de sexo que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea ditaminou que existe no caso da prestación por desemprego esténdese a outros aspectos da regulación deste traballo.